

Recollemos as novas publicadas en 1977 e 1978 na revista "Pumariño" que dan conta no nacemento da AAVV de Igrexafeita.

1-O Pumariño de outubro de 1977 recollía a xuntanza inicial da primeira Asociación de Veciños do Concello de San Sadurniño

ASOCIACION DE VECIÑOS

O sábado, día 29 de outono, houbo unha reunión no local da escola de Igrexafeita. Falouse da necesidade de organizar unha Asociación de Veciños na parroquia pra desamaneira tratar de mellorar entre todos as condicións de vida. Foi unha reunión moi interesante, anque non estivo moi concurrida.

Alí elixiuse unha comisión de homes, que forman a Xunta Xestora, co fin de facer os estatutos da Asociación. Unha vez que se teñan feitos, presentaránse á toda a Parroquia pra ver se se aproban ou non, e despois mandalos ao Gobernador Civil pra que, se procede, legalice a Asociación. - Con elo os de Igrexafeita dan un exemplo.

2.- En novembro de 1977 a Asociación tiña preparados os estatutos e anunciaba unha xuntanza xeral para o 17 de Nadal.

Os de IGREXAFEITA seguen pra diante co da Asociación de Veciños. Xa teñen preparados os estatutos. Agora van facer copia deles pra mandalos a todas as casas, de tal maneira que todos os poidan estudar antes da reunión xeral que pensan celebrar o sábado, día 17 do Nadal. A ver se outras parroquias van collendo recortes dos de Igrexafeita.

3- No mes de decembro de 1977 enviaron os estatutos para a súa legalización. A súa primeira sede é o local da escola. O Pumariño confía en que os Reis Magos traían ise agasallo

I G R E X A F E I T A

Os de Igrexafeita siguen pra diante coa Asociación de Veciños. Xa mandaron os estatutos ao Sr. Gobernador pra a súa probación. Agallá que os santos reises lles traigan todo o que desexan. Os do Axuntamento ofreséron-lles o local da escola pra poder facer nel as xuntanzas que lles precisen.

4.-En Abril de 1978 aínda agardan tras corrixir algúns parágrafos dos estatutos.

A Asociación de Veciños está pra ser aprobada dun día pra outro. Fai pouco recibíuse comunicación do Goberno Civil pedindo que se cambiaran uns detalles dos estatutos. Xa se devolveron correxidos. Agora, a esperar uns días máis e despois pñerse a andar.

5.- En maio de 1978 aínda non recibirán novas da súa legalización. A AAVV ameaza con posíbeis mobilizacións .

A Asociación de Veciños aínda non recibiu aprobación dos estatutos por parte do Sr. Gobernador. Polo menos non houbo contestación ningunha. Però os da Xunta Rectora están dispostos a empezar a facer algo.

6.-Ao fin o 29 de maio de 1978 chega a notificación da súa legalización. En xuño a AAVV escolle a súa primeira Xunta directiva

ASOCIACION DE VECIÑOS

En Igrexafeita celebrouse reunión pra elexir a Directiva e deu este resultado:

Presidente: Manuel J. Lamas Soto
Segretario: Manuel Gómez Lamas
Tesorero: Manuel Rguez, Romero.
Vice-Pre.: Hipólito Yáñez Cascudo
Vice-Secre: Manuel Lamas Pereira
Vice-Teso.: Ubaldo Meizoso Romero
Vocales: Fernando Soto Novo
Domingo Soto García
Américo Permuy Yáñez
Luciano Rguz. Lamas.

7- No número de Pumaríño de setembro de 1978 infórmase da campaña para mercar a Casa Rectoral, a súa actual sede social

TODOS A RECTORAL
en Igrexafeita.

Os da Asociación de Veciños de Igrexafeita queren
comprar ou alquilar a Casa Rectoral. Xa foron ó
obispado.- Os que agora a levan alquilada e prei-